



*Grupo Municipal Popular
Santiago de Compostela*

Ao abeiro do disposto no artigo 101 do Regulamento Orgánico Municipal do Pleno do Concello de Santiago, o concelleiro que subscribe formula a seguinte pregunta ao Goberno Local para a súa contestación oral no Pleno:

O Pleno do Concello de Santiago aprobou no pasado mes de marzo a Ordenanza Reguladora do Informe de Avaliación de Edifícios, que entrou en vigor o 10 de xullo de 2015.

Conforme á disposición adicional primeira da dita Ordenanza, o Concello deberá crear un rexistro de edificios e regular a súa organización e funcionamento. Pola súa parte, a disposición transitoria primeira da ordenanza fixa o actual ano 2015 para a obriga de realización dos informes de avaliación das edificacións cunha antigüidade superior aos 70 anos, así como aquelas que pretendan solicitar unha axuda para a rehabilitación ou mellora das vivendas.

En consecuencia, o Grupo Municipal Popular formula a seguinte pregunta:

- ***Que medidas está a adoptar o Goberno para darlle cumprimento ás determinacións e aos prazos contidos na Ordenanza Reguladora do Informe de Avaliación de Edifícios?***

Santiago, a 23 de setembro de 2015

Teresa Gutiérrez López
Concelleira do Grupo Municipal Popular

- Pleno da Corporación Municipal de Santiago de Compostela